

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto: aprobación das bases e convocatoria de 1 praza de xefe de brigada, 1 praza de peón condutor e 3 prazas de peóns para a brigada de vixilancia e defensa contra os incendios forestais**

### ANTECEDENTES

A Consellería de Medio Rural e o Concello da Baña asinaron o convenio de colaboración, con data do 28 de xuño de 2016, para participar na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018 mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 por un período de tres meses durante a época estival, é este o período de perigo alto de incendios no que se ten que adoptar medidas e accións especiais de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Atendendo ao convenio, os traballos consistirán:

En labores de intervención nos incendios forestais no ámbito municipal da Baña, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da Consellería competente en material forestal cando así o decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48,6 da Lei 3/2007.

En actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas de devasas e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos, nos tres meses de operatividade da brigada.

Para levar a cabo estes traballos contratarase unha brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais e que estará composta por 6 membros, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento desta para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal.

Á vista do anterior, ao abeiro dos artigos 44 e 116 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 14 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro), o artigo 21.1.g) e 102.1) da LBRL, e demais competencias que me confire a lexislación vixente, esta Alcaldía RESOLVE:

**Aprobar as bases que han de rexer para a provisión en réxime de persoal laboral temporal dun capataz, un peón condutor e tres peóns para crear unha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, 2016**

#### **1. Obxecto da convocatoria**

Constitúe o obxecto destas bases a aprobación da convocatoria e regulación do proceso selectivo para a provisión mediante contratación laboral, de duración determinada, por obra ou servizo, durante tres meses e a xornada completa (40 horas semanais), de 1 praza de

capataz, 1 de peón condutor e 3 de peóns para a Brigada de Prevención e Defensa contra incendios forestais, anualidade 2016.

## **2. Obxecto do contrato**

As funcións que hai que desenvolver consisten nas tarefas propias dos citados postos de traballo nas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do convenio asinado coa Consellería do Medio Rural, consistentes na realización, por parte de todos os membros da brigada, de tarefas de limpeza de masa forestal e extinción de incendios forestais.

## **3. Requisitos das persoas aspirantes**

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentar solicitudes:

a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os 18 anos da idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

## **Titulación requirida**

Estar en posesión do certificado de escolaridade, equivalente ou superior e ter o carné de conducir tipo B para as prazas de peón condutor e capataz de incendios.

## **Titulación específica para o posto**

Para a praza de **capataz** é requisito imprescindible estar en posesión da titulación de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente, ademais do carne de conducir tipo B.

## **4. Forma e prazo de presentación de instancias**

**4.1** As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante unha solicitude dirixida ao alcalde do Concello da Baña e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Neste último caso deberase remitir a copia da solicitude ao fax 981 886 616 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

O prazo para presentar as solicitudes será dende **o día 5 ata o día 9 de xullo de 2016**, no rexistro xeral do Concello da Baña, **en horario de 9:00 a 14:00, agás o sábado 9 de xullo que será de 10:00 a 13:00 horas**. As persoas interesadas terán á súa disposición na páxina

web e no Concello o modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As bases, así coma os resultados das probas selectivas serán publicadas no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello da Baña ([www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)).

#### **4.2** Xunto coa solicitude deberase achegar:

- a) Fotocopia do DNI ou documento correspondente ao país da UE
- b) Documentación que acredite os extremos do punto 3 destas bases. A experiencia laboral acreditarase mediante contratos de traballo ou equivalentes ou o informe de vida laboral.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- d) Fotocopia e orixinal do carné de conducir B.

### **5. Admisión das persoas aspirantes**

Rematado o prazo de presentación das solicitudes, e comprobado que as persoas aspirantes compren os requisitos establecidos nas presentes bases, para acceder ás devanditas prazas pasarán o proceso selectivo que se describe na base sexta.

### **6. Procedemento selectivo**

As persoas admitidas serán convocadas en chamamento único, quedarán decaídos no seu dereito as persoas solicitantes que non compareceran a realizalo, a realización da proba escrita, que terá lugar o martes día 12 de xullo, ás 9:30 horas no Centro Social e da Terceira Idade. Esta proba consistirá en responder un cuestionario tipo test de vinte e cinco preguntas para cada unha das prazas ás que se presenten. Esta proba é eliminatória.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade.

#### **6.a Proba escrita:**

O Tribunal convocará as persoas candidatas, a un exame teórico, tipo test con catro respostas posibles, que terá por finalidade avaliar os coñecementos do posto, os coñecementos do territorio así como a dispoñibilidade da persoa aspirante. Puntuarase ata un máximo de 6,00 puntos. A falta de presentación da persoa aspirante á proba teórica significará a súa exclusión inmediata do proceso selectivo.

#### **6.b Proba entrevista:**

As persoas que superen a nota de corte que estableza a comisión seleccionadora pasaran a fase de entrevista, onde se terá en conta a súa experiencia laboral, interese no posto, capacidade de traballo en equipo, etc. Esta proba terá lugar o xoves día 14 de xullo, ás 9:00 horas.

#### **6.c. Proba médica**

Terá un resultado de apto/non apto. Realizaranse as análises e os controis establecidos. No caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

#### **6.d. Proba Física**

Terá a cualificación de apto/non apto. Consistirá en camiñar 3.200 m sobre terreo chan cun peso de 11 Kg ás costas nun tempo máximo de 30 minutos ou na proba do banco, aínda sen concretar. As persoas aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización. Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permitise levar líquidos para hidratación. No caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

#### **7. Comisión seleccionadora**

Establecer a composición do tribunal:

Presidenta: María Dolores Landeira Liñares, axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello da Baña ou persoal en quen delegue.

Secretario: Celestino Amigo Liñares, secretario do Concello da Baña, ou funcionario/a en quen delegue.

Vogais:

- D. Luis Antonio Zarco Casabiell, axente forestal do distrito de Noia, ou funcionario/a en quen delegue
- D.<sup>a</sup>. Susana Pazo Meijide, traballadora social do Concello da Baña, ou persoal en quen delegue.
- D.<sup>a</sup> Cristina Pereira Ulla, técnico de formación do Concello de Santa Comba, ou persoal en quen delegue.

#### **8. Resolución**

Concluído o proceso selectivo, o Concello da Baña publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na paxina web: [www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal), as listaxes das persoas candidatas que se contraten e as listaxes de persoas suplentes e coas que se formará unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas.

#### **9. Documentación**

As persoas aspirantes propostas para formalizar o contrato laboral deberán presentar nun prazo máximo de dous días naturais dende a publicación da lista de candidatos os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da tarxeta sanitaria ou número da Seguridade Social.

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

## **10. Resolución de incidencias**

O Tribunal de Selección poderá resolver todas as dúbidas que se presenten no non previstas nestas bases e adoptar os acordos que resulten procedentes, os cales se publicarán no taboleiro de edictos do Concello e, no seu caso, na páxina web do Concello da Baña ([www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal))

A Baña, data indicada na marxe

O alcalde

José Andrés García Cardeso

Dou fe.  
O secretario

Celestino Amigo Liñares